



NOVIDADES NA AVALIACIÓN PROMOCIÓN E TITULACIÓN ESO. CURSO 2021-2022

NORMATIVA

- LEI ORGÁNICA 3/2020, de 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- REAL DECRETO 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e titulación na ESO, Bacharelato Formación Profesional.
- ORDE 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación na ensinanza de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.

AVALIACIÓN NA ESO (ORDE de 25 de xaneiro de 2022)

As novidades que se aplican no curso 2021-2022 son as seguintes:

- Haberá tres avaliacións parciais. A sesión da terceira avaliación terá lugar o 7 de xuño.
- Haberá unha única avaliación final a sesión da avaliación final realizarase o 23 de xuño. Desaparece a convocatoria extraordinaria (a que tradicionalmente tiña lugar a principio do mes de setembro). A cualificación definitiva das materias farase efectiva nesta avaliación final.
- O período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

PROMOCIÓN NA ESO (ORDE do 25 de xaneiro de 2022)

Promociona dun curso ao inmediatamente superior, o alumnado que superase as materias ou ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno ou alumna, sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculado ou matriculada nese ano académico sexa igual ou superior a 5.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que non promocióne, permanecerá un ano máis no mesmo curso. En todo caso, o alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo ao longo de todo o ensino obrigatorio.

TITULACIÓN NA ESO (Orde do 25 de xaneiro de 2022)

Obterá o título de Graduado en ESO o alumnado que supere todas as materias cursadas. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno ou alumna, sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas e todas as materias en que estea matriculado ou matriculada nese ano académico, sexa igual ou superior a 5.
- Que, a xuízo do equipo docente, o alumno ou alumna, adquira as competencias establecidas.
- Que, a xuízo do equipo docente, o alumno ou alumna alcanzase os obxectivos de etapa.